



EXPOSICIÓN Centro Cultural Marcos Valcán
Ourense, do 5 de marzo ao 3 de maio de 2020

6
Imagen panorámica do taller
de Buciños na Avenida das
Cortinas. Reconstrucción
fotográfica da Mamen Moreira.
Diseño da publicación:
Pepe Iriar

fundación xoán piñeiro

CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁN
DEPARTAMENTO DE CULTURA
DEPUTACIÓN
OURENSE

XUNTA DE GALICIA

DÍARIO DE ARTISTAS BUCIÑOS

A Fundación Xoán Piñeiro presenta a I Edición do **Diario de artista**, dedicado aos escultores galegos coa intención de valorar o traballo recoñecible, pero tamén o silencioso e íntimo: velai tamén o artista no seu medio. Nos fins desta Fundación está a valoración do traballo escultórico, tentando visibilizar todos e cada un dos aspectos da actividade plástica coa súa complexidade, procurando dignificar o traballo individual da creación, dándolle un maior alcance público e social. Somos sabedores da relación interminable de artistas dedicados á escultura que estamos obrigados a salientar. Iremos paso a paso.

Nesta primeira edición do Diario de Artista quixemos dedicarlla ao escultor **Manolo Buciños**. Toda unha arriscada experiencia, porque Buciños ten unha extensa e sólida traxectoria que abrangue un capítulo propio na nosa plástica contemporánea. Escudriñar no seu mundo semella, cando menos, atrevido, pero a motivación para esta primeira edición estaba clara, Buciños é patrono da Fundación Xoán Piñeiro dende a súa creación en 1998. Así resolveuse unha escolha inevitable.

O proxecto desta primeira cita engloba **tres acontecementos** que tentan agasallar ao artista e ao seu labor na plástica, case coma un desexo de reciprocidade para co noso patrimonio humano e artístico. Esta é unha das mensaxes que queremos transmitir nas nossas actividades e moi especialmente nesta: dar proxección pero tamén facer xustiza e corresponder a esa xenerosidade.

Unha exposición na súa terra, Ourense, no Centro Cultural Marcos Valcárcel. O espazo convértese nun dobre escenario: o Taller e o Artista, ambos protagonistas, buscando a simbiose de todos os elementos, os físicos, os reais, xunto a outros non taxables ou desapercibidos para o público. A intervención inaugural da performance *Ocos*, de **Cristal Méndez e Mercé de Rande**, vai na mesma liña de transmitir ese ambiente, empregando medios creativos propios como a voz, a danza e o son. Reinterpretar a Buciños con outras formas de expresión.

Un faladoiro no Teatro Principal. Convidámosvos a asistir a unha conversa con Buciños de persoas que teñen anécdotas, sucedidos e experiencias próximas, que nos acheguen á sensibilidade e visión humana do artista. Será unha conversa conducida polo xornalista e escritor **Camilo Franco**, bo conocedor do artista. A representación neste magnífico teatro ten tamén un magnífico comezo coa intervención escénica, musical e videocreación de **Cinta Adhesiva: Buciños ou modelar o amor co vento**, un poemario de Silvia Penas. Traballo e sensibilidade a partes iguais. Tamén queremos achegarnos ao sentir colectivo de apoio e defensa das artes escénicas ou se cabe inimaxinables, que testemuñen e dean boa mostra da nosa riqueza cultural nos distintos eidos.

Un libro, *Diario de artista. Buciños*. Unha achega á vida mesma, unha escolla de lembranzas... Reportaxe fotográfico persoal e do taller. Obras, monumentos, espazos, ambientes e tamén sentimientos en primeira persoa. Unha relación documental, as imaxes e as palabras do escultor nunha entrevista de **Camilo Franco**. Para rematar os actos do Diario de Artista, farase entrega do libro a Buciños nunha cea no Liceo Ourensán, onde os asistentes poderemos manifestar o noso agarimo ao artista. Queda moito por facer e para a Fundación Xoán Piñeiro é como un punto de partida. Dende aquí, reivindicamos a importancia da investigación en monográficos sobre a nosa plástica, sen eles queda moi feble a visión e comprensión da nosa historia. É un comezo.

MANOLO BUCIÑOS. Nace en **1938**. A nenez do escultor ten como referencia clara as terras da parroquia Buciños, no Concello de Carballido, en Lugo, mergullado na natureza e na cultura rural. Dende moi noviño familiarizase coa madeira no taller de carpintería do seu avó e animado por el, comeza a tallar este material, realizando as súas primeiras pezas con grande habelencia. Aprende debuxo con Luís Xesta en Ourense e máis tarde, cunha beca da Deputación de Lugo, viaxa a Madrid e ingresa na Escola de Belas Artes de San Fernando. De **1957** ata **1961** realiza os seus estudos, conseguindo sucesivos premios anuais de fin de curso polo seu traballo. Aproveita e simultanea a aprendizaxe en talleres de artistas como experiencia e medio de subsistencia, dada a precariedade para sobrevivir na gran cidade. En 1961, recolle o premio Deputación de Tarragona na Exposición Nacional de Belas Artes e ao ano seguinte realiza pola súa conta unha viaxe por Italia e Francia para ampliar coñecementos e experiencias artísticas.

De regreso definitivo a Galicia, o noso artista entra en contacto co mundo cultural ourensán. Curiosamente, unha cidade pequena e rutinaria con múltiples cafés, que tivo ao igual que outras moitas cidades, unha serie de faladoiros fixos nos que se procuraba falar de todo. O ambiente intelectual en Ourense, daquela, foi, sorprendentemente, o catalizador que permitiu desenvolver as actividades que fixeron salientar a esta cidade como un referente valioso no galeguismo e na plástica. Unha mocidade curiosa e esperta que tiña como sensibilidade política o antifranquismo e un desexo de renovación estética que fai abrollar a amizade e o vínculo inconformista a partes iguais. A partir da homenaxe que organizan a Vicente Risco, presidido por Otero Pedrayo, a taberna do Tacho, ou sexa, *O Volter*, vaise converter nun punto de referencia para moitas persoas, tanto de dentro como de fora de Galicia, interesadas polos movementos de esquerda e a cultura. Ao abeiro desta taberna, uns mozos novos e inquietos crean o grupo plástico que Risco nomea como *Os Artistiñas*.

En **1964**, *Os Artistiñas* organizaron a famosa exposición no Hotel Roma de Ourense, na que participan Xosé Luís de Dios, Xaime Quessada, Acisclo Manzano coa incorporación de Manolo de "Buciños". Esta iniciativa foi acompañada dun recital de poesía na que participaron, entre outros, Antón Tovar e Carlos Casares; a iniciativa organizouse coa intención de homenaxear a Celso Emilio Ferreiro que marchaba para o exilio. Nesta ocasión, e por primeira vez en Ourense, despois da guerra, izouse a bandeira galega. Esta mostra percorreu varias



Buciños



Escola de obra pública



O artista nun conxunto escultórico en Vigo, 2019



Monumento á auga, Mondariz, 2002



v Encuentro imaginario, Vigo, 2003



Alegorías das artes, Teatro García Barbón, Vigo, 1987



San Rosendo, Celanova, 1978



Otero Pedrayo, Ourense, 1983



v Antonio Palacios, Porriño, 2001



Fotos: Mani Moretón, agás a primeira, cedida por Antón García Eucinós

cidades: Ourense, Lugo, Pontevedra, Santiago, A Coruña e Vigo. Seguen a facer actividades individuais ao mesmo tempo que continúan con actividades conxuntas. En **1965** conforman o grupo coñecido como Sete artistas Galegos; tres escultores: Manolo Buciños, Arturo Baltar e Acisclo Manzano, e catro pintores: Virxilio, Xavier Pousa, Xaime Quessada e Xosé Luís de Dios. Teñen en común o de ser ou ter traballado en Ourense e sobre todo o mesmo espírito e inquedanzas. Realizan exposicións por diversas cidades de Galicia e España. Acoden cos seus traballos a Santander onde os acompaña Otero Pedrayo e van a Vigo para participar no I Festival do Mundo Celta tendo como mestre de ceremonias a Blanco Amor. Móvelles o interés artístico pero o compromiso social e político tamén está moi presente.

Nese mesmo ano celébrase unha Mostra de Arte Galego en Barcelona, organizada polo propio concello da cidade e a Ciudad de los Muchachos. Nesta ocasión participan Buciños, Virxilio, Acisclo Manzano, Arturo Baltar, Xavier Pousa, Alberto Datas, Enrique Ortiz, Xose Luis de Dios, Raimundo Patiño e Xaime Quessada. «Dez artistas novos deron fe en Barcelona da inquedanza artística da Galicia do momento e da madurez deste podente agromar. Prestaron un gran servicio á cultura galega...» escribe nun artigo sobre a mostra Basilio Losada.

Con algúns daqueles artistas, por amizade e vital curiosidade, Buciños realiza unha extensa viaxe por Iugoslavia, Grecia, Exipto... En **1965** Manolo Buciños recibe o seu primeiro recoñecemento individual co premio e adquisición de obra no Concurso Nacional de Escultura e ao ano seguinte realiza a súa primeira exposición individual no Museo Municipal de Ourense. O escultor xa escolle o seu propio camiño sen excluír a participación en proxectos comúns con outros artistas. En **1967**, na galería Toisón de Madrid, faise de novo unha Mostra de Arte Galego. Nesta ocasión hai obra gráfica coñecida co nome de Estampa Popular Galega. Xunto aos xa mencionados anteriormente, incorpóranse a esta colectiva outros artistas como Díaz Pardo, Tino Grandio, Laxeiro...

En **1968** casa coa ourensán Chus Novoa coa que ten os seus tres fillos, María, Antón e Uxía. Instalado en Ourense definitivamente, velaí onde practicamente realiza a maior parte da súa obra, montando o taller, primeiro na Barrela e despois en Bobadela. No lugar de Buciños, que tanto o identifica, instalará o seu taller de fundición, onde realizará, coa mestría e o duro esforzo dun artesán



No taller de fundición na Barrela




Chus Novoa e Manolo Buciños cos seus fillos Antón e María



Xabier Casares, Buciños, Carlos Casares, Ramón Piñeiro, Francisco Casares

Xardin e taller de fundición do artista



Fotos: Fernanda Padín Ogando

de oficio, a totalidade das súas obras en bronce. Sen renunciar á madeira e a pedra, ou mesmo ao modelado previo en barro, o metal co traballo en cera directa vai ser o seu material predilecto e identificativo.

Realiza con carácter individual a súa actividade artística e expositiva, participando naquelhas colectivas que se van promovendo en Galicia. Un exemplo van ser as innumerables exposicións (casi diríamos que anuais) tanto individuais como colectivas que fará nas antigas salas de exposicións de Caixavigo e Caixaourense, nas respectivas cidades. Participa nas sucesivas Bienais de Arte que se crean en Pontevedra, recibindo en **1971** o segundo premio na I Bienal Nacional de Arte; en **1972** o primeiro premio na II Bienal Rexional de Arte e en **1973** o terceiro premio na II Bienal Nacional de Arte. En **1975** recibe o II Premio no Concurso de Pintura y Escultura Lucense na Conmemoración do Bimilenario da cidade de Lugo.

Preséntase a concursos sendo un dos artistas de maior número de adxudicacións de obra pública, entre eles o concurso escultórico de Caixa Vigo para coroar a fachada do Edificio Centro Cultural García Barbón aprobado en **1984**. Seis figuras alegóricas en pedra tendo como temas a pintura, teatro, escultura, literatura, cine e música. O proxecto levase a cabo en colaboración co escultor Juan Oliveira que realiza en bronce os xinetes a cabalo.

A súa presenza con obra monumental vai ser moi extensa, prácticamente por toda a xeografía galega, ademais de distintas cidades de España. A obra pública, ademais da escolha de temática persoal, vai estar moi vinculada a personalidades relevantes da nosa cultura. En pequeno formato, igualmente, é un artista que leva creando ó longo da súa vida un innumerable catálogo de pezas de carácter institucional. As súas exposicións individuais, ó longo dos anos e en todas as cidades galegas, vanlle dar unha gran presenza no mercado privado e colecciónista de arte que o sinalan como un dos escultores, con definida persoalidade, mais queridos e valorados da escultura galega contemporánea. En **1993** é nomeado académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes, en **1995** recibe o Premio Pedrón de Ouro, no **2008** o X Premio Francisco de Moure, no **2016** o Premio Otero Pedrayo e ó ano seguinte é declarado Personaxe Ilustre do Concello de Carballedo.



Buciños no taller



Chus Novoa e Manolo Buciños



Antonio Quesada, Xavier Pousa, Juan Oliveira, Abreu Bastos, Elsa Pérez Vicente, Buciños.

O artista no seu taller nun retrato de Mani Moretón >>

